

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 29 DE XANEIRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintenove de Xaneiro de mil novecentos noventa e seis; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1. ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 22 de Xaneiro pasado.

2. OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3. ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas dos abastecementos de consumo público de Ribadavia e San Paio.

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público dos seguintes lugares: Fonte de dous canos en Francelos, Fonte dun cano en Francelos, Fonte da Prata en Ribadavia, Fonte de Prexigueiro, traída municipal de Ribadavia.

Dos procuradores Don Luís Alvarez González, Don Luís Alvarez Fernández, Don José Antonio Alvarez Fernández e Don Antonio Alvarez Arias de Velasco, remitindo copia da Sentencia recaída no recurso 23/94-sección segunda do Tribunal Superior de Xustiza do Principado de Asturias.

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, remitindo Circular nº 2/96, sobre medidas a adoptar en relación a mante-la idoneidade da auga.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación á liquidación do prezo público pola ocupación da vía pública con mesas e cadeiras no período comprendido dende Maio ata Setembro de 1995, ámbolos dous inclusives, ós seguintes señores: Dona Asunción Pereira Deaño, por importe de 28.200 pesetas; Don J. María Calvo Lois, por importe de 20.500 pesetas; Dona Julia González González, por importe de 40.800 pesetas; Don Luís Cortizo

Carballo, por importe de 26.500 pesetas; Don Fidel Rodríguez Alvarez, por importe de 39.300 pesetas; Cafetería Club Artístico, por importe de 58.700 pesetas; Don Ramón González Graña, por importe de 26.700 pesetas; Dona Digna Alonso Meiriño, por importe de 25.400 pesetas; Dona María Pilar Feijóo Bernárdez, por importe de 35.900 pesetas; Café Bar Morte S.C., por importe de 32.500 pesetas; Don Augusto Lorenzo Márquez, por importe de 14.400 pesetas; Dona María Carmen Rojo Martínez, por importe de 36.900 pesetas; Don Rafael Domínguez Martínez, por importe de 16.300 pesetas; Don Felipe Gálvez González, por importe de 23.700 pesetas; Dona Josefa Fernández Ferreiro, por importe de 22.400 pesetas; Don David Vales González, por importe de 25.700 pesetas; Don Miguel Angel Rivas Muñiz, por importe de 23.300 pesetas; Valgoal S.L., por importe de 25.700 pesetas; Don Floreano Sampedro Cid, por importe de 11.000 pesetas; Don Ramón Soto Comesaña, por importe de 10.800 pesetas; Don Manuel Sotelo Barroso, por importe de 7.300 pesetas; Don Víctor Deaño Deaño, por importe de 10.500 pesetas; Don Paulino E. Soto Escudero, por importe de 40.300 pesetas; Abobriga S.L., por importe de 13.700 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación á liquidación do prezo público pola ocupación da vía pública con materiais de construción (valas), no período comprendido dende Xaneiro ata Outubro de 1995, ámbolos dous inclusivos, ós seguintes señores: Residencial Ribadavia, S.A., por importe 30.400 pesetas; Don Francisco Sancho Moreno, por importe de 18.800 pesetas; Promotora Lameiras Rejo, por importe de 7.020 pesetas; Don José Fernández Alvarez, por importe de 11.840 pesetas; Don David Vales González, por importe de 14.420 pesetas; Don David Vales González, por importe de 8.160 pesetas; Don Marcial Mosquera Rodríguez, por importe de 3.660 pesetas; Don Antonio Rodríguez García, por importe de 29.500 pesetas; Don Julio Rivera Fernández, por importe de 3.240 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación á liquidación do prezo público pola ocupación da vía pública con materiais de construción, no período comprendido dende Xaneiro ata Outubro de 1995, ámbolos dous inclusivos, ós seguintes señores: Don Manuel Almuíña García, por importe de 27.360 pesetas; Don Guillermo López Carballal, por importe de 5.400 pesetas; Residencial Ribadavia S.A., por importe de 102.300 pesetas; Residencial Ribadavia S.A., por importe de 81.900 pesetas; Don Manuel Rodríguez Gulín, por importe de 14.160 pesetas; Don Manuel Rodríguez Gulín, por importe de 2.160 pesetas; Don Benito Hermida Atrio, por importe de 720 pesetas; Don Jesús Vázquez Gómez, por importe de 1.440 pesetas; Don José González Miguélez, por importe de 2.880 pesetas; Don Modesto Pontes, por importe de 5.040 pesetas; Don Manuel Oliveira Fidalgo, por importe de 1.440 pesetas; Don Antonio Rodríguez Rodríguez, por importe de 4.200 pesetas; Dona Carmen Deaño Rodríguez, por importe de 480 pesetas; Don Antonio Castiñeiras Márquez, por importe de 5.040 pesetas; Dona Dolores Almuíña Iglesias, por importe de 1.680 pesetas; Don José González Miguélez, por importe de 7.560 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación á liquidación da taxa pola ocupación da vía pública con materiais de construción, no período comprendido dende Novembro ata Decembro de 1994, ámbolos dous inclusivos, ós seguintes señores: Residencial Ribadavia, S.A., por importe de 4.067 pesetas; Don Francisco Sancho Moreno, por importe de 4.067 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación á liquidación do prezo público pola ocupación da vía pública con materiais de construción, no período

comprendido dende Novembro ata Decembro de 1994, ámbolos dous inclusivos, ós seguintes señores: Don Manuel Almuíña García, por importe de 2.440 pesetas; Don Guillermo López Carballal, por importe 4.880 pesetas; Residencial Ribadavia S.A., por importe de 134.200 pesetas; Don Luís Iglesias Barreiro, por importe de 2.200 pesetas; Dona Celsa Ferreiro Varela, por importe de 1.440 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno toma coñecemento dun escrito da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro no que se dá conta da liquidación definitiva dos servizos correspondentes ó exercicio económico de 1995, que resulta se-la seguinte: recollida de lixo, 11.069.790 pesetas; recadación, 8.134.286 pesetas; servizos sociais, 2.105.903 pesetas; protección civil, 5.527.051 pesetas; servizos varios, 649.276 pesetas; servizo matadoiro, 227.523 pesetas; total, 27.713.829 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno toma coñecemento da liquidación practicada pola Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, en relación cos ingresos realizados polo Servizo de Recadación.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade presta a súa aprobación á liquidación practicada pola Mancomunidade de Concellos do Ribeiro en relación cos servizos que de seguido se detallan correspondentes ó ano 1995: servizos varios, por importe de 149.276 pesetas; matadoiro comarcal, por importe de 227.523 pesetas; gasóleo, por importe de 45.480 pesetas; e, pala, camiión e motobomba, por importe de 517.500 pesetas.

Segundo o informe correspondente dos servizos técnicos municipais, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade presta aprobación ás seguintes facturas presentadas por Finsobra S.L., segundo o seguinte detalle: reparación de fosas sépticas e tubería de desaugadoiro en San Cristovo, por importe de 372.360 pesetas; pintura vestiarios, bar e salón de reunións do campo de fútbol de Francelos, por importe de 370.220 pesetas; pavimento do salón de reunións do Francelos F.C., por importe de 310.880 pesetas; reparación rede de sumidoiro de San Paio, por importe de 168.780 pesetas; construción dun pozo de rexistro na rede de San Cristovo, por importe de 60.320 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación dunha factura presentada por Don Federico Pérez Mato, por desprazamento a Madrid-Girona con motivo do proxecto "Red de Juderías de España", no período comprendido entre o 19 e o 21 de Xaneiro pasado, por importe de 69.250 pesetas. Tamén acorda esta Comisión que esta factura se remita de inmediato á "Red de Juderías de España", a fin de que preste o seu aboamento.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención pola participación con carrozas na Cabalgata de Reis 96, ás seguintes Asociacións: Os Paragueiros de Ribadavia, por importe de 140.000 pesetas; APA de E.X.B. Ribadavia, por importe de 115.000 pesetas; O Lostrego de San Paio, por importe de 115.00 pesetas; Asociación de Veciños de San Cristovo, por importe de 115.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención por importe de 200.000 pesetas á Asociación Nós de San Cristovo, pola súa participación do Belén vivente correspondente ó último Nadal.

6- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media do serán o Sr. Alcalde, ergueu a sesión estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.